



Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 9 de decembro de 2013, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para a cobertura dunha praza do Corpo de xestión do Parlamento de Galicia, e se fai público o día, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio.

Mediante Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 1 de agosto de 2013 (DOG nº 155, do 14 de agosto de 2013), foi convocado proceso selectivo para a cobertura, por promoción interna, dunha praza do Corpo de xestión do Parlamento de Galicia.

Por Resolución da Presidencia do 9 de setembro de 2013 (BOPG nº 156, do 10 de setembro de 2013), aprobouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

Finalizado o prazo establecido na base cuarta da convocatoria que rexe as probas selectivas para poder emendar, de ser o caso, os defectos que motivasen a exclusión,

RESÓLVESE:

1.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos do referido proceso selectivo.

- Admitidos:

- Buceta López, María Rosa: dni nº 35438925L.
- de la Fuente Rodríguez, José Ramón: dni nº 33273499C.
- Pereiras Iglesias, Vicenta: dni nº 34979253W.
- Ramos Suárez, Begoña María: dni nº 33254536D.
- Sánchez González, María del Carmen: dni nº 32423168E.

- Excluídos: Non hai excluídos.

2.- A lista poderase consultar tamén na páxina web oficial do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es).

3.- O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos nas bases da devandita convocatoria. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o/a interesado/a decaerá en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación neste procedemento.

4.- Fixar para a realización do primeiro exercicio a seguinte data, hora e lugar:

- Luns 20 de xaneiro de 2014, ás 10:00 horas na sala F da planta baixa o Parlamento de Galicia.

Conforme ao establecido na base sexta (6.1.3) da convocatoria, as persoas aspirantes deberán presentarse provistas de documento nacional de identidade ou calquera outro



documento acreditativo da súa identidade. Así mesmo deberán levar bolígrafo de cor azul ou negro.

De acordo co establecido na base sexta (6.1.5) da convocatoria, absteranse de acudir provistos de teléfono móbil, obxectos e demais dispositivos de carácter electrónico.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2013

Pilar Rojo Noguera
Presidenta